



**INFORME DA XUNTANZA MANTIDA POLA PERMANENTE DA XUNTA DE  
PERSOAL DOCENTE DE PONTEVEDRA, CON PRESENZA DO STEG, CO XEFE  
TERRITORIAL DA CONSELLARÍA O VENRES 14 DE XULLO DE 2017 EN  
PONTEVEDRA**

Asisten o XT, o IX e o Secretario, así como representantes de ANPE, CCX.OO., CIG, FETE-UGT e STEG (ausente CSIF).

A reunión comeza ás 9.30 horas coa seguinte orde de traballos:

**1. 1. Aprobación se procede da acta da reunión anterior (7 de xuño)**

Apróbase por asentimento e sen cambios.

**1. Asuntos pendentes:**

2.

**1. Información das vacantes de resultas non adxudicadas no CXT.**

O XT contesta que ese tipo de información hai que demandarlla á Consellaría na Mesa Sectorial.

**1. Información do profesorado participante no CADP.**

O XT contesta que ese tipo de información hai que demandarlla á Consellaría na Mesa Sectorial.

Pregúntaselle se non lle é posible obter o desglose provincial, tan sequera, e resposta que mirará de facelo.

**1. Previsión de vacantes CADP dos corpos de secundaria.**

Faise desde a Consellería en Santiago, por cupos.

**1. Petición de información sobre:**

2.

**1. Rescisión/Finalización de contratos de transporte escolar.**

Vanse adjudicar unha serie de liñas, mais vai ser unha adjudicación parcial.  
A competencia deixa de ser da C. De Educación e pasa á de Infraestruturas, Mobilidade.  
As novas adjudicacións que se van facer xa son de transporte combinado regular/escolar  
A convocatoria sae no DOG de 7 de xullo  
Houbo algunhas empresas que rescindiron o contrato do transporte coa Consellaría pretextando que non lles era rendíbel.

### **1. Borrador do documento de zonificación de Vigo.**

Estívose facendo a rolda de contactos coas direccións dos centros, que se retomará en setembro. Haberá tamén reunión con FOANPAS e coas organizacións sindicais.  
O proceso está aínda moi embrionario.  
Vaise ir a un esquema de catro grandes zonas nada máis (agora hai 8 en Secundaria e 13 en Primaria), que integren Primaria e Secundaria ao mesmo tempo, tomando como eixo os centros de Secundaria. Nesta nova zonificación terase moi en conta a periferia da cidade., especialmente as zonas de crecemento demográfico e urbanístico, con previsión de futuro

### **1. Cefore de Lalín.**

CIG denuncia unha presunta irregularidade na adjudicación de dúas prazas neste centro, previsiblemente relacionada coa condición de familiares de ambas, docentes no CEIP Manuel Rivero, cun concelleiro de certo partido en Lalín. Preguntouse polo asunto na Mesa Sectorial de 6 de xuño e a resposta foi o silencio.  
O XT sinala que corresponde a Santiago esa adjudicación e dar as oportunas explicacións, se é o caso

### **1. Vacantes CADP Mestras e Mestres [ver cadro no remate do documento]**

2.

### **5. Rolda de intervencións.**

CIG coloca sobre a mesa un problema de reparto de horas e impartición da materia de Literatura Universal que afecta ao Departamento de LG no IES A Sangruiña. Os criterios da dirección do centro incumpren os acordos da CCP ao respecto. O XT responde que o profesorado afectado debería enviarlle escrito explicativo da situación e que, nese momento, Inspección se faría cargo da cuestión para resolvela.

CIG transmite queixas de numerosos centros sobre funcionamento da aplicación informática para a matriculación do alumnado da ESO. O XT reconece que houbo moitas incidencias, efectivamente, e sinala que xa se lle pasou recado a AMTEGA para que evite que se repitan no próximo curso.

FETE pregunta pola asesoría da Consellaría ao profesorado afectado no proceso xudicial aberto polos incidentes informáticos do IES García Barros. O XT di que os servizos da consellaría están ao dispor dese profesorado/as e que xa se deu conta a AMTEGA da situación para que traballe nunha solución para o futuro.

FETE pon enriba da mesa os problemas que se están producindo entre Dirección e Claustro no

colexio Pardo Bazán de Vigo. O XT sinala que está ao tanto deles e que xa comezou a tomar medida para solventalo.

STEG quiere facer notar que no IES de Poio apenas queda horario (2 horas) para atender a coordinación de Biblioteca, dado que case todos os profesores están a tope de horas lectivas, ata o punto de que as propias Xefaturas de Departamento teñen só 2 horas de redución horaria en vez das 3 habituais. O XT toma nota e estudará a situación.

STEG pregunta pola solución que se vai dar no colexio de Chancelas á situación creada nun grupo de Primaria de 26 alumnos dos cales algúns teñen n.e.a.e. serias, desdobre ou apoios de AL e PT. O XT contesta que o está estudando.

CCOO pregunta se ten constancia o XT de que no CIFP de A Xuqueira houbo profesorado de módulos impartindo materias comúns que non lle correspondían. Responde que si e que xa advertiui á Dirección do centro de que esa situación non volva a repetirse.

O Inspector Xefe manifesta o seu maletar coa resolución aprobada no último pleno celebrado da Xunta de Persoal Docente, na que se criticaban as actitudes de determinados inspectores e que non se depurasen responsabilidades nese sentido. O Presidente da Xunta de Persoal Docente sinala que a resolución foi o suficientemente exquisita para sinalar que se trataba de casos moi concretos na Inspección e no xeralizar a crítica a todo o corpo.

E sen máis asuntos que tratar levantouse a sesión as 11.40 horas.

#### **RESPOSTA DA XEFATURA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA ÁS DEMANDAS DE CENTROS E DA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE DE PRAZAS PARA O CADP (14-7-2017)**

<b>Concello</b>	<b>Centro</b>	<b>Resposta da Xefatura sobre vacantes demandadas</b>
Caldas de Reis	CRA de Caldas de Reis	PT, non lle corresponde pero valorarase en setembro segundo necesidades
Cambados	EEI A Modia (Vilariño)	Concédese un AL con Inglés compartido co colexio Enrique Barreiro de Vilariño
Cangas	CEIP do Hío	O AL itinerante está pendente de valorar en setembro PT non Pediuse 1 de EP
Catoira	CPI Progreso	

		Non consta a necesidade dese FI con EP
Estrada, (A)	IES nº 1	Estudarase a petición
Forcarei	CEIP Nª Sª das Dores	O centro pode agrupar unidades e ten persoal suficiente
Gondomar	CRA Antía Cal	O centro ten cadro de persoal suficiente
Grove, (O)	CEIP As Bizocas	Hai posíbeis comisións de servizo , de maneira que hai que agardar
Grove, (O)	CEIP Rosalía de Castro	Xa hai unha persoa de OR definitiva no centro
Marín	EEl Nosa Sra. do Carme	Non conceden nada do que se pide desde o centro, porque hai 4 unidades para 50 alumnos/as, 3 de EI, 1 de FI definitivo e AL itinerante
Marín	IES Mestre Landín	Toman nota da resulta de Música-ESO por CXT
Meis	CEIP de Armenteira	4 unidades e 53 alumnos Terán AL compartido con Campañó
Moaña	CEIP Abelendo	Matrícula moi baixa (23 alumnos/as) Dous EP pendentes de confirmar por comisión de servizo AL itinerante OR compartido con Tirán
Moaña	CEIP da Seara	Terá AL itinerante con Reigón-Seara
Nigrán	CEIP Carlos Casares	Está pedido o FI con EF 2º PT, non
Oia	CEIP Mestre Manuel García	OR non lle corresponde enteiro, itinera con Sabarís Xa ten 1 PT definitivo
Poio	CEIP de Viñas	OR compartido con O Vao

		2º PT compartido con Sanmartiño AL completo
Poio	CEIP Isidoro Riestra	OR xa está cuberto cun definitivo
Pontecaldelas	IES de Ponte Caldelas	Toman nota da resulta de Música-ESO por CXT
Pontevedra	CEIP de Cabanas	3 EP xa concedidas 2 EP pendentes de confirmar as comisións de servizo, unha delas por liberación sindical Pediuse 1 de Inglés con EF
Pontevedra	CEIP PLURILINGÜE SAN BENITO DE LÉREZ	FI non se concede, xa hai un definitivo
Pontevedra	CEIP San Martiño	1 EM con afín Inglés 1 PT con Inglés, itinerante con Viñas
Pontevedra	CEIP Vilaverde-Mourente	2º AL, itinerante con Pontesampaio
Pontevedra	EEI Fina Casalderrey	Falta AL, verase en setembro
Pontevedra	EEI Verducido	1 de FI con afín Música
Sanxenxo	CEIP Plurilingüe A Florida	AL itinerante con Magaláns EI non lle corresponde, 4 definitivos para 64 alumnos/as
Silleda	CEIP de Silleda	As 3 EP que aparecen na listaxe da XT adxudicadas ao CEIP Ramón de Valenzuela corresponden a este CEIP de Silleda
Tui	CEIP de Randufe	2º PT, non, porque se traslada alumna con n.e.a.e. que xustificaría a praza
Tui	CEIP Plurilingüe de Guillarei	EP con FI. Comprobarán se é necesaria
Vigo	CEIP A Carrasqueira	EP, AL. Comprobarán se son necesarias
Vigo	CEIP ADR Castelao	EI de apoio, concedido AL e OR (completos), non lle

		corresponden
Vigo	CEIP Altamar	AL compartido con colexio Illas Cíes
Vigo	CEIP Chans-Bembrive	Agárdase a confirmar xubilación
Vigo	CEIP Illas Cíes	1FI e 1EP por xubilación. Agárdase a que se confirmen. 1 EM por comisión de servizos, o mesmo
Vigo	CEIP Josefa de Alonso	1 AL sen perfil PT compartido con colexio de Valadares
Vigo	CEIP Santa Mariña	OC compartido con Carballal AL compartido con centro base en Sello EI comisión de servizos, comprobarase
Vigo	CEIP O Sello	AL compartido con CEIP Santa Mariña
Vigo	CEP Celso Emilio Ferreiro	2º PT compartido con EEI Cristo da Victoria Intérprete compartido con colexio Escultor Acuña
Vigo	EEI Cristo da Victoria	PT compartido con colexio Celso E. Ferreiro
Vigo	EEI Monte da Guía	AL itinerante con Santa Tegra Medio PT compartido con Paraixal EI de apoio, non
Vigo	EEI Vila Laura	Comprobarase a necesidade dese 4º EI de apoio solicitado
Vila de Cruces	CEIP de Merza	OR e AL compartidos con CEIP Vila de Cruces
Vila de Cruces	<b>IES</b> Marco do Camballón	Comprobarán resulta de EF-ESO no CXT
Vilagarcía de Arousa	CEIP A Escardia	1 AL con afín PT OR compartido con Vagalume
Vilagarcía de Arousa	CEIP A Lomba	Medio FI, itinerante coas escolas unitarias PT con afín AL completo

		3 EP por xubilacións no 16/17, pendentes de confirmar
Vilagarcía de Arousa	CEIP de Rubiáns	FF, comprobarase PT e EF xa hai definitivos
Vilagarcía de Arousa	CEIP O Piñeiriño	PT completo 2º AL itinerante con escolas unitarias 3 EP por comisións + 1 EP xubilación 16/17, comprobaranse
Vilagarcía de Arousa	EEI de Solobeira	1 de EI FI, compartido con A Lomba AL compartido con O Piñeiriño
Vilagarcía de Arousa	IES Castro Alobre	Comprobarán resulta MAT-ESO por CXT